6.106. Pereira Sánchez, José; en nome de Rodríguez Novas, Jesusa Libertad. Piquetes: X218-X219-X226.

6.107. Pereira Sánchez, José; en nome de Rodríguez Novas, Jesusa Libertad. Piquetes: X221-X222-X223-X224.

6.108. Varela Giráldez, M^a Carmen; en nome dos titulares catastrais das parcelas 425 ao 428 do polígono 26. Piquetes X208 ao X213: Varela Oya, Ramón ; Jesús; José Juan e Giráldez García, Lidia (hros.).

6.109. Veiga Maceira, Manuel. Parcela catastral 884 do polígono 27. Acepta datos catastrais.

Acta 27.11.2015:

6.110. Alonso Giráldez, Jesusa. Piquetes: X233-X234-X239-X240.

6.111. Domínguez Rodríguez, Jesús. Piquetes: X245-X214-X229.

6.112. Lago Rodríguez, Ramón; en nome de Lago Oya, Próspero. Dentro do enclavado, piquetes: X214 ao X244.

6.113. Lorenzo Varela, David. Piquetes: X235 ao X238.



6.114. Martínez Lago, Manuel; en nome de Fernández Oya, Carmen. Piquetes: X230-X231-X242-X243.

6.115. Pereira Ramilo, Jesús; en nome de Ramilo Novas, Carmen (hros.). Piquetes: X231-X232-X241-X242.

6.116. Pérez Martínez, Delio. Piquetes: X232-X233-X240-X241.

6.117. Varela Giráldez, M^a Jesús; en nome de Varela Oya, Amante (hros.). Piquetes: X243-X244.

6.118. Varela Lorenzo, Carmen; en nome de Lorenzo Vila, Juana Florinda (hros.). Piquetes: X234-X235-X238-X239.

6.119. Varela Oya, M^a Josefa. Piquetes: X244-X245.

Acta 3.2.2016:

6.120. Lorenzo Ramilo, Manuel; en nome de Ramilo Varela, Eugenia Enriqueta. Piquetes: X246 ao X250.

6.121. Ramilo Novas, Javier; en nome de Ramilo Varela, José. Piquetes: X246 ao X250.

Á liña proposta pola comunidade no monte Roxo.

Acta 2.12.2015:

6.122. Leirós Pérez, Iago. Piquetes: 393-393A-393B-390-391.

6.123. Mouriño Porto, José; alega propiedade. Piquetes: 386-386A-386B.

6.124. Porto Rodríguez, Jesusa; en nome de Porto Giráldez, Jesús (hros.); alega propiedade. Piquetes: 386B-386C-387.

6.125. Rodríguez Quintás, Antonio; alega propiedade en nome de Rodríguez Rodríguez, Antonio (hros.). Piquetes: 387-387A-387B-388.

Acta 3.12.2015:

6.126. Carrera Giráldez, Ángeles; en nome de Rodríguez Rodríguez, Antonio (hros.). Piquetes: 388A-388B-388C-393B-388D.



6.127. Lorenzo Luxardo, Adriana; en nome de Lorenzo Ramilo, Manuel. Piquetes: 388E-393B-388F-389.

Acta 4.12.2015:

6.128. Areal Casalmorto, M^a Esther; no seu nome e no nome de Rodríguez Casalmorto, Juana. Piquetes: 412A-412B-412E-412F-412D.

6.129. Rodríguez, Juan Manuel; en nome de Rodríguez Davila, Manuel. Piquetes: 412G-412H-412L-412J-412I. Entrega plano coa alegación.

Acta 9.12.2015:

6.130. Alonso Rodríguez, José Antonio; no seu nome e en nome de Maceira Porto, Lidia (hros.). Piquetes: 388-388G-388B-388A.

6.131. Campos Varela, Santiago; en representación de Boullosa Porto, Josefa. Piquetes: 383-383A-383B-383C-383D-383E-386.

Acta 3.2.2016:

6.132. Vilar, Gloria; entrega documentación en data 21.1.2016 que é incorporada en data 3.2.2016 a acta. Non ten claro que estea afectada pola liña proposta pola comunidade. A parcela reclamada está no catastro a nome da comunidade.

Á liña proposta pola comunidade no monte Rape.

Acta 16.12.2015:

6.133. Mouriño Porto, Manuel; alega propiedade. Piquetes: 448A-448B-449.

6.134. Pereira Pereira, Xoán; presidente da CMVMC de Atios presenta unha liña alternativa á clasificación. Piquetes: 439-454-442.

Á liña proposta pola comunidade no monte Baldío de Vilafría.

Acta 19.1.2016:

6.135. Bacelo Pereira, Emilio José; en nome de Pereira Sánchez, José. Piquetes: 472A-472B-472C-472D-473-472.



Á liña proposta pola comunidade no monte Pereiro.

Acta 19.1.2016:

6.136. Bugarín González, Cristina; representante da CMVMC de Pontellas, manifesta a súa desconformidade co deslindamento do monte Pereiro, como parte integrante do MVMC de Atios, “por entender que o dito monte se acha integramente na parroquia de Pontellas e que lle pertence por telo aproveitado o común dos seus veciños desde tempo inmemorial, tal e como se expuxo no escrito de alegacións presentado no Servizo de Montes”.

Acta 21.1.2016:

6.137. Pereira Pereira, Xoán; presidente da CMVMC de Atios presenta unha liña alternativa á clasificación. Piquetes: 490A-490B-497. Alega “que esta liña responde á realidade do aproveitamento histórico do monte Pereiro por parte dos veciños da parroquia de Atios. Esta liña é continuación da liña límite parroquial desde o Marco dos Cogomelos ata o regato de Ameixeira”.

6.138. Bugarín González, Cristina; representante da CMVMC de Pontellas manifesta “que non está conforme coa petición do presidente da Comunidade de Atios de apear esa liña alternativa, por canto o Servizo de Montes se debe limitar exclusivamente a levantar o perímetro do monte clasificado como Pereiro a favor da Comunidade de Atios, apeo que xa se realizou o pasado día 19.1.2016”.

Quinto. Concluído o apeo e o procesamento da información topográfica nel recollida, de acordo co determinado polo artigo 49.4 da Lei de montes de Galicia, no DOG núm. 58, do 28 de marzo de 2016, publícase Anuncio do 9 de marzo de 2016 polo que se abre período de vista pública deste expediente de deslindamento e presentación de alegacións, de 20 días naturais.

O aviso deste anuncio apareceu publicado na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar no 30 de marzo de 2016.

O citado anuncio remitiuse ao Concello do Porriño para a súa exposición no taboleiro de anuncios, onde permaneceu do 6 de abril de 2016 ao 25 de abril de 2016 e recibíuse de acordo a certificación emitida por ese concello con data 26 de abril de 2016.

Así mesmo, enviáronse notificacións persoais, mediante correo certificado con dous intentos de entrega, a 250 interesados no expediente.



7. Alegacións presentadas no período de vista pública.

7.1. Neste período volven presentar documentación os particulares afectados por este deslindamento, xa referida na epígrafe de documentación.

7.2. A CMVMC de Pontellas expresa o seu rexeitamento mediante escrito asinado polo seu presidente do 29.12.2015 e 15.4.2016 á inclusión do monte Pereiro no deslindamento dos montes da Comunidade de Atios, pois alega que pertence á Comunidade de Pontellas, que veu aproveitando desde tempo inmemorial este monte o común dos seus veciños e, ademais, atópase dentro da demarcación histórica e tradicional da parroquia. E, por tanto considera que a Comunidade de Pontellas “non é estremeira con ela, senón que a dita parcela forma parte integrante e inseparable dos montes pertencentes aos veciños de Pontellas”.

7.3. A CMVMC de Pontellas alega mediante escrito asinado polo seu presidente do 15.4.2016 aos piquetes 390, 390A, 390B e 379 levantados por instancia da CMVMC de Atios, “a falta de sentido de tal pretensión, pois nada teñen que ver cos límites do monte Pereiro clasificado e excede o propio contido da resolución de clasificación, polo que procede a súa completa desestimación”.

7.4. O presidente da Comunidade de Atios, Juan José Pereira Pereira solicita relación dos documentos de propiedade presentados polos afectados e actas de apeo do deslindamento e a súa transcripción, así como a documentación presentada polos interesados.

7.5. O presidente da Comunidade de Atios, Juan José Pereira Pereira alega:

7.5.1. Respecto á tramitación procedemental: considera que existe un absoluto erro e infracción das normas reguladoras do procedemento na presente tramitación procedemental por parte da Administración, en concreto, desde a publicación do Anuncio do 16 de xullo de 2015, publicado no DOG do 6 de agosto de 2015, pois que nel se menciona o artigo 49 da Lei 7/2012, Lei de montes de Galicia, e se abre un período para o cumprimento dun trámite previsto nesa lei, cando o expediente de deslindamento se estaba a tramitar desde o seu inicio (en virtude do cumprimento da sentenza ditada o 9 de febreiro de 2012), de acordo co procedemento previsto no Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962, tal e como manifestou expresamente Administración a través dos diversos anuncios publicados nos boletíns e nos diversos escritos que a Administración dirixiu ao Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Pontevedra no seo do Po 233/2011, tal e como a seguir se refire:

1. Así, o anuncio publicado no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra o 7 de marzo de 2013, no cal se sinala o día do comezo das operacións de apeo para o día 17 de xuño,



de acordo cos artigos 96 e 97 do Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962. Xúntase copia.

2. O informe do 8 de maio, remitido ao Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Pontevedra... a Administración sinala... que o secretario de Medio Ambiente Rural e Montes aproba a actuación citada ... e tramítase o expediente de acordo co disposto polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, do Regulamento de montes.

Polo que, unha vez iniciado o procedemento de deslindamento, de acordo co Decreto de 1962, non se pode abandonar este e pasar a outro procedemento previsto noutra normativa, xa que suporía a nulidade de pleno dereito da resolución que se ditase ao prescindir total e absolutamente do procedemento legal establecido. Xúntase copia.

Ademais, a disposición transitoria décima da Lei 7/2012 establece que: “1. Aos procedementos iniciados ao abeiro da normativa existente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei seralles de aplicación a normativa vixente no momento da súa iniciación”.

Por todo isto, procede continuar a tramitación do expediente conforme a normativa prevista no Decreto 485/1962, de tal forma que no presente procedemento se deben seguir os trámites posteriores ao apeo previstos nos artigos 119 e seguintes do Decreto 485/1962, pois no contrario estaríase a prescindir de forma total e absoluta do procedemento legalmente establecido.

7.5.2. Hai que sinalar que, tal e como ten declarado a xurisprudencia, entre outras, a STS do 28.6.2001, o deslindamento ten como finalidade “encontrar no terreo e marcar nel as referencias físicas sinaladas como límites no acordo clasificatorio”, sen que se poidan deixar fóra parcelas que de acordo coa resolución de clasificación forman parte do monte veciñal e sen que a Administración se poida pronunciar sobre cuestións civís “que exceden a finalidade do deslindamento”.

7.5.3. Montes Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros.

7.5.3.1. Reitérase o xa exposto durante a fase de apeo, solicitando que se aprobe a liña principal proposta por esta comunidade tal e como consta descrita nos diversos piquetes da acta de apeo e débense desestimar todas as pretensións de liñas alternativas propostas polos particulares que compareceron ao apeo e en relación aos cales as propiedades que reclaman en ningún caso foron recoñecidas como encravados na resolución de clasificación.



Coa única excepción do encravado que recoñeceu a Comunidade de Montes da zona de Ridosa ás irmás Felisa e María Pérez Lago, que adquiriron eses terreos en virtude de escritura pública de permuta celebrada co Concello do Porriño no 20.11.1959, e isto sen prexuízo de que a Comunidade de Montes reserve para si o exercicio da acción civil.

7.5.3.2. Así mesmo, queremos destacar que na fase de apeo se cerrou a liña divisoria entre as parroquias de Atios e Cans, manifestando ambas as comunidades de montes a súa conformidade coa liña fixada, tal e como consta no expediente administrativo.

7.5.3.3. Polo que respecta aos supostos encravados do Concello do Porriño, esta parte quere sinalar o seguinte:

1. Reiteramos a nosa desconformidade coa exclusión das ditas parcelas do monte, unha vez que tal e como se recolle na resolución de clasificación que foi confirmada por sentenza xudicial, o único motivo por que tales porcións de terreo non foron obxecto de clasificación respondeu a que estaban “destinadas a canteiras en explotación”.

Tal e como se constatou durante a fase de apeo, non só na actualidade senón desde hai moitos anos, a suposta actividade mineira que puidese haber nos ditos terreos cesou, e mesmo a día de hoxe a Comunidade de Montes de Atios realiza plantacións nesas porcións de terreo, que están incluídas no seu súa proxecto de ordenación.....

2. Reiterar a súa absoluta desconformidade coa superficie que segundo o Concello do Porriño teñen os referidos encravados.....E isto é así xa que tal e como se recolle na sentenza do Tribunal Supremo, cuxa copia se xunta como doc. nº 3, no seu fundamento de dereito cuarto:.....

7.5.4. Montes Roxo, Rape, As Culcas, Torreiro da Guía, Baldío de Vilafría e Pereiro..... Nas resolucións do Xurado de Montes anteriormente indicadas e que tiveron por obxecto a clasificación destes montes indícase expresamente que se clasifican “de acordo coa descrición reflectida no feito sétimo e na planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución”.....

...De modo que no presente caso o deslindamento debe limitarse a trasladar esa planimetría ao terreo, incluíndo no seu perímetro todo o terreo que foi obxecto de clasificación....

...En relación con estes montes, a Comunidade de Montes de Atios reitera o xa exposto durante a fase de apeo e solicita que se aprrobe a liña proposta por esta comunidade coin-



cidente coa planimetría do Xurado, a salvo duns pequenos axustes que foron propostos e entendemos que deben ser estimados por se axustaren á realidade do límite do monte veciñal da dita parroquia...

7.5.5. Por iso, con base no exposto, solicitamos que se aprobe o deslindamento tal e como aparece recollido no apeo delimitado como liña principal e se desestimen integralmente todas as pretensións de liñas alternativas pedidas por particulares e polo Concello do Porriño.

Achega documentación.

a.1.1.1. Copia de anuncio no BOPDEPO.

a.1.1.2. Copia do Informe do 8 de maio de 2013 de estado de desenvolvemento do expediente de deslindamento dos montes clasificados a favor de la CMVMC de Atios, concello do Porriño, Pontevedra.

a.1.1.3. Sentenza do Tribunal supremo sobre o recurso de apelación nº 5138/1992.

Sexto. Con data do 3 de xuño de 2016, solicitase ao Servizo Xurídico-Administrativo o asesoramento previsto no artigo 49.3 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, co fin de proceder á clasificación de dereitos de propiedade sobre os predios cuxa documentación se achega ao deslindamento.

Con data do 22 de xuño de 2016, a xefa do Servizo Xurídico-Administrativo informa:

1. Sobre a cualificación da documentación presentada polos interesados para acreditar a propiedade dos predios, consonte o establecido no artigo 49.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante LMG) só se considera acreditativa da propiedade a titularidade reflectida nos asentos do correspondente Rexistro da Propiedade e, na súa falta, no Catastro e, se é o caso, a acreditativa de situacións posesorias por calquera medio de proba nos termos que regulamentariamente se determinen". Por tanto, hai que entender que na actualidade pode considerarse documentación acreditativa da propiedade a seguinte:

a) As certificacións do Rexistro Civil en todo caso (xa que son as únicas que gozan de presunción de veracidade para acreditar a titularidade).



b) As certificacións catastrais (única documentación de entre a emitida polo Catastro que achega planimetría e designación de propietarios estremeiros, posibilitando así unha máis doada identificación das parcelas).

c) Outros documentos (como partillas da herdanza, escritos de compravenda, permuta, doazón etc., xa sexan notariais ou privados); en canto non se desenvolva o regulamento a que fai referencia o artigo 49.1 arriba transcrito, só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto. No resto dos casos, non servirán como documentos acreditativos da propiedade nos procedementos de deslindamento.

2. Respecto á posibilidade de admitir documentos presentados en diferentes momentos do procedemento do deslindamento, procede sinalar que, de acordo co establecido no artigo 79 da Lei 30/1992, do 26 do novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá admitirse documentación presentada fóra do prazo establecido se resulta de interese para a resolución do expediente.

Nese caso, tal documentación deberá ser tida en conta pola instrutora do procedemento ao redactar a correspondente proposta de resolución.

3. Sobre a superficie que prevalece, en caso de discrepancias entre a indicada na documentación achegada polos particulares e a catastral, prevalece a superficie indicada na documentación catastral.

4. Sobre a posibilidade de ter en conta a documentación xustificativa de propiedade entregada como alegación ao apeo fóra deste acto, só podería terse en conta a dita alegación se a instrutora puidese identificar a parcela que se reclama co mero exame da documentación achegada e sen necesidade de comprobalo fisicamente no terreo co propietario.

5. A instrutora pode solicitar de oficio as certificacións de parcelas encravadas e interconectadas, igual que calquera outra documentación necesaria para poder continuar coa tramitación do procedemento, en aplicación do artigo 78.1 da Lei 30/1992 de RPX e PAC.

Outros informes:

Con data do 1 de setembro de 2016 solicítase ao Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra, informe sobre a canteira Pedra que Fala, encravada no monte Pedra que Fala, para poder resolver a alegación presentada polo Concello do Porriño.



Con data do 20 de setembro de 2016 o xefe do Servizo de Enerxía e Minas informa que, consultado o expediente da autorización de explotación de recursos da sección A), Pedra que Fala nº 139 (PO/A/00139), existe no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra:

1. Sobre a data de autorización da antedita canteira: 31 de xaneiro de 1974.

2. Sobre a data en que a explotación deixou de estar en funcionamento: consta que se solicitou a primeira paralización temporal da actividade o 29 de marzo de 1989 e desde esa data a explotación está inactiva.

3. Superficie autorizada e coordenadas: achégase plano de setembro de 1975 onde se reflicte a superficie total da autorización (13.142,75 m²) e as súas coordenadas.

Sétimo. Unha vez analizadas as alegacións, considéranse da seguinte forma:

– Considéranse as alegacións dos particulares máis abaixo referidas, realizadas no apeo ou coa presentación de documentación cando é posible identificar a parcela reclamada e, en todo caso, para poder resolver o deslindamento, en aplicación do artigo 49.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22.6.2016 referido na epígrafe clasificación de dereitos. E, por tanto, nestes casos, non se consideran as alegacións da Comunidade realizadas durante o apeo e na fase de vista pública, alegacións 7.5.2 e 7.5.3.1, na parte onde solicita a desestimación de todas as liñas alternativas propostas polos particulares no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, e alegación 7.5.4 onde solicita a desestimación de todas as liñas alternativas propostas polos particulares no monte Rape e outros.

– Considéranse as alegacións á liña principal proposta pola comunidade, realizadas por eles ou polos seus representantes no apeo no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros:

Segundo o punto 1.b (certificación catastral) do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2015, as alegacións: 6.6, 6.9 e 6.11.

Segundo o punto 1.c (outros documentos, só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto) e punto 5, as alegacións: 6.1 e 6.76.



Segundo o punto 5 do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2015 e, en todo caso, para poder resolver o deslindamento, a alegación: 6.7.

– Considéranse as alegacións: 6.51; 6.58; 6.61 e 6.64; á liña principal proposta pola comunidade, realizadas por eles ou polo seus representantes no apeo (tómase como encravado, pero na resolución comprobouse que é unha liña alternativa) no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, segundo o punto 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto) e punto 5.

– Considéranse as alegacións: 3.28.1.1 (parcela 21 do polígono 22) e 3.43.1.1 (parcela 154 do polígono 22), á liña principal, no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, coa presentación da documentación xustificativa de propiedade, segundo o punto 1.b (certificación catastral) do informe do servizo xurídico-administrativo do 22 de xuño de 2015.

– Considéranse as alegacións: 6.5; 6.7 (bis) e 6.8; realizadas no apeo, por estar de acordo coa liña principal proposta pola comunidade no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros.

– Considérase a alegación 6.4; como encravado, dentro da liña principal proposta pola comunidade, realizada por Pérez Lago, Felisa e María; no apeo do monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros. Esta propiedade é recoñecida pola Comunidade de Atios, segundo manifesta nesta mesma alegación 6.4 e en escrito na fase de vista pública no punto 7.5.3.1.

– Considéranse as alegacións como encravados, dentro da liña principal proposta pola comunidade, realizadas por eles ou polos seus representantes no apeo no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros:

Segundo o punto 1.b (certificación catastral) do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2015, as alegacións: 6.14; 6.22; 6.26; 6.29; 6.38; 6.47; 6.48; 6.49; 6.55; 6.65; 6.70; 6.71; 6.73; 6.79; 6.88; 6.92; 6.93; 6.99; 6.104; 6.110; 6.111; 6.114; 6.115; 6.119 e 6.120.

Segundo o punto 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto) e punto 5 (a instrutora pode solicitar de oficio as certificacións de parcelas encravadas e interconec-



tadas, igual que calquera outra documentación necesaria para poder continuar coa tramitación do procedemento, en aplicación do artigo 78.1 da Lei 30/1992 de RPX e PAC), as alegacións: 6.2; 6.15; 6.17; 6.19; 6.30; 6.36; 6.39; 6.40; 6.41; 6.42; 6.44; 6.45; 6.46; 6.50; 6.54; 6.68; 6.74; 6.77; 6.78; 6.80; 6.83; 6.86; 6.89; 6.95; 6.96; 6.103; 6.105; 6.106; 6.108; 6.116; 6.117; 6.118 e 6.121.

Segundo o punto 5 do informe do servizo xurídico-administrativo do 22 de xuño de 2015 e, en todo caso, para poder resolver o deslindamento, as alegacións: 6.13; 6.16; 6.25; 6.27; 6.43; 6.52; 6.53; 6.56; 6.57; 6.90; 6.91; 6.112 e 6.101.

– Considéranse as alegacións: 3.9.1; 3.28.1.2 e 3.28.1.4; como encravados, dentro da liña principal proposta pola comunidade, no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, coa presentación da documentación xustificativa de propiedade, segundo o punto 1.b (certificación catastral), do informe do Servizo Xurídico-Administrativo, do 22 de xuño de 2015.

– Considéranse as alegacións: 3.5.1; 3.5.2; 3.23.1 e 3.57; como encravados dentro da liña principal proposta pola comunidade, e 3.23.2 de acordo coa liña, no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, coa presentación da documentación xustificativa de propiedade, realizada e aceptada nos anteriores treitos de deslindamento.

– Considéranse as alegacións á liña principal, propostas pola comunidade, realizadas por eles ou polos seus representantes no apeo no monte Rape e outros.

Segundo o punto 1.a (certificacións do rexistro civil) do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2015, a alegación: 6.122.

Segundo o punto 1.b (certificación catastral) do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2015, as alegacións: 6.124; 6.130; 6.131 e 6.135.

Segundo o punto 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto) e punto 5, as alegacións: 6.123; 6.127 e 6.128.

– Considérase a alegación 3.76.1.1 (parcela 473 do polígono 20) á liña principal no monte Rape e outros, coa presentación da documentación xustificativa de propiedade, segundo o punto 1.b (certificación catastral) do informe do Servizo Xurídico-Administrativo, do 22 de xuño de 2015.



– Considérase a alegación 3.67; onde declara que a parcela catastral 36 do polígono 20 non é da súa propiedade.

– Considérase a alegación 3.74.1.2; por estar de acordo coa liña principal proposta pola comunidade no monte Rape e outros.

– Non se consideran as alegacións: 6.3; 6.10; 6.21; 6.28; 6.35; 6.59; 6.60; 6.63; 6.66; 6.69; 6.72; 6.81; 6.82; 6.84; 6.85; 6.87; 6.94; 6.98, e 6.113; como encravados, dentro da liña principal proposta pola comunidade, realizada por eles ou polos seus representantes no apeo do monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, por non achegar documentación:

– Non se consideran as alegacións: 6.18; 6.20; 6.23; 6.24; 6.37; 6.62; 6.67; 6.97; 6.100; 6.102; 6.107 e 6.109; como encravados, dentro da liña principal proposta pola comunidade, realizada por eles ou polos seus representantes no apeo do monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, por non achegar documentación que xustifique a propiedade segundo o artigo 49.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2016, puntos 1.a e 1.b e 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto. No resto dos casos non servirán como documentos acreditativos da propiedade nos procedementos de deslindamento).

– Non se consideran as alegacións 3.7.1.1 e 3.10.1 como encravados, dentro da liña principal proposta pola comunidade, realizada por eles ou polos seus representantes coa presentación da documentación no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, por non achegar documentación que xustifique a propiedade segundo o artigo 49.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2016, puntos 1.a, 1.b e 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto. No resto dos casos non servirán como documentos acreditativos da propiedade nos procedementos de deslindamento).

– Non se consideran as alegacións 6.125; 6.126 e 6.129; á liña principal proposta pola comunidade, realizada por eles ou polos seus representantes no apeo no monte Rape e outros por non achegar documentación.

– Non se considera a alegación 6.133 á liña principal proposta pola comunidade, realizada por eles ou polos seus representantes no apeo no monte Rape e outros, por non



achegar documentación que xustifique a propiedade segundo o artigo 49.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e do informe do Servizo Xurídico-Administrativo do 22 de xuño de 2016, puntos 1.a, 1.b e 1.c (outros documentos só poderán ser tidos en conta pola instrutora se deles se deduce sen ningún xénero de dúbida a parcela que é o seu obxecto. No resto dos casos non servirán como documentos acreditativos da propiedade nos procedementos de deslindamento).

– Non se consideran as alegacións: 3.25; 3.31.1; 3.47; 3.47 (bis); 3.61.1 e 3.62; coa presentación de documentación, pola imposibilidade de identificación da parcela alegada.

– Non se consideran as alegacións 3.1.1.2; 3.9.2; 3.17.2.1; 3.17.2.2; 3.23.2; 3.43.1.2; 3.44.1.2; 3.44.1.3; 3.46.1.1; 3.55.1; 3.58.1.1; 3.58.1.3; 3.58.1.4; 3.58.1.6; 3.61.2; 3.65.1.1; 3.66.1.1; 3.68.1 e 3.72.1 realizadas coa presentación de documentación, por non afectaren este 3º treito de deslindamento ou a liña proposta pola comunidade:

– Non se considera a alegación 6.75, referida no punto 4.1, por presentar a documentación fóra do procedemento, considerando como último período para poder presentar documentación ou realizar as alegacións oportunas o período de vista pública, referido no punto 4 do artigo 49 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Outras alegacións:

– Considérase a alegación 6.12, realizada durante o apeo polas comunidades de Cans e Atios e 7.5.3.2, realizada durante a vista pública pola Comunidade de Atios, sobre o acordo de extremas entre as comunidades de Cans e Atios (piquetes 380 ao 1), ratificado polos certificados dos secretarios de ambas as comunidades, referido na epígrafe documentación, puntos 1.8.1 (certificado de Atios) e 2.1.1 (certificado de Cans).

– Non se considera a alegación 6.31 como encravado dentro da liña principal proposta pola comunidade (piquetes C1 ao C10), no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, realizada polo Concello do Porriño, alegando titularidade desta superficie que eles consideran que foi excluída da clasificación como MVMC, porque aínda neste monte Pedra que Fala, na clasificación o Xurado de MVMC exclúe 20 ha de canteiras en explotación, na descrición non fala de que estas parcelas estean encravadas dentro do monte veciñal e, no entanto, di que o monte linda polo sur con parcelas destinadas a canteiras, polo que parece que estas canteiras en explotación excluídas estarían na parte sur do monte Pedra que Fala.



Ademais, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra informa no 20 de setembro de 2016, referido na epígrafe “Outros informes” desta proposta e incorporado ao expediente de deslindamento, que hai unha concesión mineira dunha superficie de 1,3 ha chamada Pedra que Fala nº 139 (PO/A/00139) de titularidade particular, desde xaneiro de 1974, pero que súa actividade cesou o 29 de marzo de 1989, polo que se considera que esta superficie de 14,15 ha non foi excluída polo Xurado de MVMC na resolución de clasificación do 13 de xaneiro de 1987, que exclúe no monte Pedra que Fala canteiras en explotación, xa que a superficie alegada polo concello de 14,15 ha supera con moito a concesión mineira.

E, por tanto, considérase a alegación 6.32, realizada pola Comunidade de Atios na fase de apeo, e a alegación 7.5.3.3 realizada na fase de vista pública, ao encravado alegado polo concello (piquetes C1 a C10).

– Non se considera a alegación 6.33 como encravado dentro da liña principal proposta pola comunidade (piquetes C11 ao C15), no monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, realizada polo Concello do Porriño, alegando titularidade desta superficie de 8,55 ha, ocupada actualmente por un campo de tiro, porque na clasificación do monte Carrascal e Laxedo o xurado exclúe unha parcela de 169 ha, situada na zona oeste ata a estrada de Budiño, destinada a canteiras en explotación e na zona oeste do mesmo monte varias parcelas destinadas a uso industrial e, por tanto, esta superficie encravada no monte na parte nordés e con uso deportivo non foi excluída na resolución de clasificación.

E, por tanto, considérase a alegación 6.34 realizada na fase de apeo e a alegación 7.5.3.3 realizada na fase de vista pública, pola Comunidade de Atios, ao encravado alegado polo concello (piquetes C11 a C15).

– Non se considera a alegación 6.134 realizada polo presidente da Comunidade de Atios, porque neste procedemento de deslindamento se trata de deslindar a superficie clasificada polo Xurado, e esta liña alternativa proposta pola Comunidade de Atios no monte Rape non corresponde coa liña de clasificación, ratificada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 29.5.2008, nin coa solicitude de clasificación deste monte.

– Non se considera a alegación 6.136 realizada no apeo, nin a alegación 7.2 realizada durante a vista pública, da comunidade de Pontellas, porque neste procedemento se trata de establecer os límites dos montes clasificados a favor da Comunidade de Atios, e este monte foi clasificado polo Xurado de Montes no 15 de decembro de 2004 e inscrito na sección do Rexistro de MVMC de Pontevedra a favor da CMVMC de Atios, despois da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 29.5.2008, onde se desestima o recurso de



apelación interposto polo Concello do Porriño contra a sentenza do 5.7.2006 do Xulgado do Contencioso número 1 de Pontevedra.

– Considérase a alegación 6.138 realizada durante o apeo e a alegación 7.3 realizada durante a vista pública, pola comunidade de Pontellas, e desestímase, por tanto, a alegación 6.137 realizada polo presidente da Comunidade de Atios da liña alternativa á clasificación no monte Pereiro, porque neste procedemento de deslindamento se trata de deslindar a superficie clasificada polo xurado e esta liña alternativa proposta pola Comunidade de Atios no monte Pereiro non corresponde coa liña de clasificación, ratificada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 29.5.2008, nin coa solicitude de clasificación deste monte.

– En canto á solicitude 7.4, a Comunidade de Atios, a través dos seus representantes, accedeu ao expediente de deslindamento na fase de vista pública, recollido no punto 4 do artigo 49 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

– Non se considera a alegación 7.5.1 respecto á tramitación procedemental, xa realizada no primeiro treito do deslindamento, polas mesmas razóns expostas nese primeiro treito, a saber: a vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, entrou en vigor no 12 de agosto de 2012, e o inicio do presente expediente é posterior, determinado pola presentación da proposta de deslindamento polo Servizo de Montes de Pontevedra, do 5 de febreiro de 2013, e pola autorización da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, do 26 de febreiro de 2013.

Por tanto, a execución do deslindamento debe considerarse suxeita ás disposicións da citada Lei 7/2012, máis aínda este terceiro treito, cuxa aprobación polo secretario xeral de Medio Rural e Montes foi no 16 de xuño de 2015.

Por erro, no primeiro treito de deslindamento iniciouse o desenvolvemento do expediente de acordo co procedemento definido no Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, do Regulamento de montes, pero ao comprobarse que este difería do descrito pola lexislación vixente, optouse por abandonar o devandito procedemento e reiniciouse o trámite desde o seu primeiro acto de acordo co procedemento definido polos artigos 48 e 49 da citada Lei 7/2012, para o cal se realizou un novo anuncio no 30 de abril de 2013, esta vez no DOG, sen alterar a data prevista de inicio do apeo.

– Considérase a alegación 2.2 realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil coa presentación de escrito do 20.11.2015, onde fai constar que nos tramos deslindados



transcorren dous leitos fluviais, río Casavella e regato de Brais, que están suxeitos á aplicación do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, que aproba o texto refundido da Lei de augas, e o Real decreto 849/1986, Regulamento do dominio público hidráulico.

Oitavo. O 10.11.2016 a instrutora do expediente de deslindamento elevou a seguinte proposta de resolución:

Que se aprobe o deslindamento do terceiro treito (deslindamento parcial, actuación 2015), dos montes da CMVMC de Atios, concello do Porriño, de acordo coas actas e rexistro topográfico que figuran no expediente e a descrición e os planos que forman parte inseparable desta proposta.

Que se deneguen as reclamacións presentadas e non aceptadas no informe adxunto a esta proposta e se declare esgotada a vía administrativa.

Que leven os novos datos resultantes da descrición, rexistro topográfico e planos ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Que se comuniquen os novos datos resultantes da descrición, rexistro topográfico e planos ao Rexistro da Propiedade.

Monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros:

Descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nº de rexistro MVMC: 2978 – 36039001.

Nome: Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros.

Concello: O Porriño.

Pertenza: CMVMC de Atios.

Límites xerais:

Norte: MVMC clasificado a favor da CMVMC de Cans.



Leste: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Couso (concello de Ponteareas), propiedade do Concello do Porriño e MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).

Sur: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

Como resultado da clasificación destes montes e dos deslindamentos aprobados 1º e 2º treito, este monte encóntrase dividido en dúas parcelas:

– Parcela norte:

Límites:

Norte: MVMC clasificado a favor da CMVMC de Cans.

Leste: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Couso (concello de Ponteareas), Concello do Porriño e MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).

Sur: propiedade do Concello do Porriño, CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

– Parcela sur:

Límites:

Norte: propiedades particulares e propiedade do Concello do Porriño.

Leste: MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).

Sur: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

Cabidas:

Cabida total: 315,47 ha.



Cabida dos encravados: 8,68 ha.

Cabida total sen encravados do monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros: 306,79 ha.

Monte Rape e outros:

Descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nº de rexistro MVMC: 3875 – 36039010.

Nome: Rape e outros.

Concello: O Porriño.

Pertenza: CMVMC de Atios.

Límites xerais:

Norte, sur e oeste: predios particulares.

Leste: predios particulares e vía.

Cabidas:

Cabida total do monte Rape e outros: 13,77 ha.

Noveno. O día 14.12.2016 o director xeral de Ordenación e Produción Forestal emitiu unha proposta acorde coa que emitira a instrutora.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. De acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, a conselleira do Medio Rural é competente para ditar esta orde.



Segunda. O Servizo de Montes de Pontevedra é competente para levar adiante este deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais en canto á publicidade, notificación e demais requisitos exixidos no artigo 49 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Terceira. As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúen a propiedade destes ás comunidades veciñais en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria, segundo determina o artigo 30 do Decreto 260/1992, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Cuarta. A elección do procedemento de deslindamento vén determinada polo artigo 49.6 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que establece que «Calquera procedemento de deslindamento que realice a Administración forestal desenvolverase conforme este procedemento».

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación e o informe e proposta do xefe do Servizo de Montes de Pontevedra e da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes (actual director xeral de Ordenación e Produción Forestal), esta conselleira

DISPÓN:

Primeiro. Aprobar o deslindamento do terceiro tramo de deslindamento (deslindamento parcial, actuación 2015 dos montes da CMVMC de Atios, concello do Porriño, de acordo coas actas e o rexistro topográfico que figuran no expediente e a descrición e planos que forman parte inseparable da proposta que consta no expediente.

O perímetro deslindado queda definido do xeito seguinte:

Monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros:

Descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nº rexistro MVMC: 2978 – 36039001.

Nome: Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros.



Concello: O Porriño.

Pertenza: CMVMC de Atios.

Límites xerais:

Norte: MVMC clasificado a favor da CMVMC de Cans.

Leste: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Couso (concello de Pontearreas), propiedade do Concello do Porriño e MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).

Sur: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

Como resultado da clasificación destes montes e dos deslindamentos aprobados 1º e 2º treito, este monte encontrase dividido en dúas parcelas:

– Parcela norte:

Límites:

Norte: MVMC clasificado a favor da CMVMC de Cans.

Este: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Couso (concello de Pontearreas), Concello do Porriño e MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).

Sur: propiedade do Concello do Porriño, CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares

– Parcela sur:

Límites:

Norte: propiedades particulares e propiedade do Concello do Porriño.

Este: MVMC clasificados a favor da CMVMC da Picoña (concello de Salceda de Caselas).



Sur: MVMC clasificados a favor da CMVMC de Budiño e propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

Cabidas:

Cabida total: 315,47 ha.

Cabida dos encravados: 8,68 ha.

Cabida total sen encravados do monte Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros: 306,79 ha.

Monte Rape e outros:

Descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nº de rexistro MVMC: 3875 – 36039010.

Nome: Rape e outros.

Concello: O Porriño.

Pertenza: CMVMC de Atios.

Límites xerais:

Norte, sur e oeste: predios particulares.

Leste: predios particulares e vía.

Cabidas:

Cabida total do monte Rape e outros: 13,77 ha.

Segundo. Que se cancele total ou parcialmente calquera inscrición rexistral en tanto sexa contraditoria coa descrición do deslindamento do terceiro treito do deslindamento



(deslindamento parcial, actuación ano 2015) dos montes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Atios, concello do Porriño.

Terceiro. Que se deneguen as reclamacións presentadas e non aceptadas na presente orde e se declare esgotada a vía administrativa, deixando expedita a xudicial civil.

Cuarto. Que se leven os novos datos resultantes da descrición, rexistro topográfico e planos ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Quinto. Que se inmatriculen os montes coas características resultantes no Rexistro da Propiedade.

Sexto. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Os interesados poderán interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante a conselleira do Medio Rural, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Ambos os dous prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación persoal polos interesados, ou ao da publicación para os que non puideron ser notificados persoalmente.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural






Atendendo ao R.D. 1071/2007, de 27 de xullo, ao a que se regula o sistema xeodésico de referencia en España, a produción cartográfica realízouse en ETRS89-UTM-FUSO 29

Asdo: 
 D. E. L. Acevedo López
 Albitrio Acevedo López

Asdo: 
 A. Enxeñeira Observadora
 Irene Mora es Sanz



Outubro-2016
 ESCALA : 1/7.000

Nº de plano:
 7

DESLINDE DA CMVM DE ATIOS - CONCELLO DE O PORRIÑO
3º TREITO DO DESLINDAMENTO. PLANO DA PROPOSTA DE DESLINDE



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
 SERVIZO DE MONTES

